A doncela

Katherine Mansfield

Tradución: Breogana Gato Blanco
Versión: 1.1
https://gatoblanco.chafalladas.com
Copyright: 2020 https://gatoblanco.chafalladas.com
Licenza: Creative Commons Attribution-NonCommercial-NoDerivatives 4.0 International License

As once. Petan na porta.

... Desculpe a molestia, señora. Non adormecera aínda, non é? Deille o té á dona e, como quedou unha boa cunca, pensei que talvez...

... Non é problema ningún, señora. Un té é sempre o último que fago. Ela o bebe na cama trala oración, para quecer. Poño a auga ó lume cando se axeonlla e dígolle a teteira: “Non teñas présa coas túas oracións ti tampouco ”, pero sempre ferve cando a señora nin sequera está a medias. Coñecémoslle tanta xente..., e hai que rezar por eles, todiños! A dona garda unha lista de nomes nun caderno pequeneiro vermello. Xesús!, cando alguén novo nos ven ver e logo me di: “Ellen, trae o libriño vermello”, toleo, de verdade. “Velaí vai outro”, penso, “a facerlle pasar máis tempo fóra do leito vaia frío ou calor”. E non lle quere coxín, ai non!, axeónllase nesa alfombra dura. Alporízome cando o vexo, porque a coñezo ben. Tentei enganala deitando o edredón. Mais xa a primeira vez botóulleme unha ollada... de mártir! “Tiña o noso Señor un edredón, Ellen?”, díxome. Como daquela era nova, tiven a arroutada de dicir “Non, pero o noso Señor non tiña a idade de vostede e non sabía o que é te-lo seu lumbago”. Que tarabela!, non si? Pero élle tan boa, sabe, señora? Cando a deitei, hai un chisco, e a vin, así, recostada, coas mans fóra e a testa no cabezal, tan bonita!, pensei: “Está cuspidiña á súa nai cando a deitaba!”

... Fun, señora, encargueime eu de todo. Ai, que fermosa estaba. Peiteeina, cardeille o cabelo arredor da fronte para facerlle un rizos pequerrechos e, por un lado do pescozo, puxen un ramo de pensamentos púrpura preciosos. Con eses pensamentos parecía unha estampa, señora! Nunca o hei de esquecer. Pois esta noite, ó ve-la dona, pensei: “Vaites, cos pensamentos ninguén sería quen de as distinguir”.

... Só o derradeiro ano, señora. Despois de pórse un pouco... feble, como di o outro. Xaora que non era perigosa; era unha santiña de vella. Mais deu na teima de que perdera algo. Non paraba quieta, estaba sempre a bulir. Sube e baixa todo o día, sube e baixe. Atopábala por todas partes: nas escaleiras,

no soportal, de camiño á cociña. Ollábame e dicía, coma un petís, “Perdino, perdino”. “Veña”, respondíalle, “veña que lle hei avia-lo solitario”, pero collíame a man —eu era a súa favorita— e borboriñaba: “Atópamo, Ellen. Atópamo”. Que magoa!, non é?

... Non, nunca se recuperou, señora. Ó final deulle un ataque. As súas derradeiras palabras foron —moi engorde—: “Mira... na... Mira... na...”, e morreu deseguido.

... Non, señora, nunca notei a falla. Pode que outras rapazas. Como só lle teño a dona. A miña nai morreu de tise cando eu tiña catro anos e vivín co meu avó, que tiña un salón de peiteado. Eu pasaba o tempo no salón baixo unha mesa, peiteando a miña boneca. Penso que imitaba os axudantes. Eran sempre tan amables comigo. Adoitaban facerme perrucas de tódalas cores, á moda e todo. E sentaba todo o día, sen rebulir... os cliente non se decataban de que estaba alí. Só abesullaba de cando en vez por baixo do mantel.

... Pero un día apañei unhas tesoiras e... que lle parece, señora, cortei o pelo todo, rapeime toda. Que fedello! Como se alporizou o meu avo! Colleu o ferro de rizar, nunca o esquecerei, agarroume a man e apreixoume os dedos con el. “Para que aprendas!” dixo. Vaia peladura! Aínda teño a marca.

... Pois, a razón foi, señora, que fachendeaba do meu cabelo. Adoitaba sentarme no mostrador antes de vi-los clientes e facíame un peiteado precioso, con rizos enormes e suaves e ondulado arriba. Lembro os asistentes arredor, e eu moi seria cun penique na man que o meu avó me daba para termar del mentres traballaba... pero sempre mo quitaba ó rematar. Pobre avó! Como se atufou porque quedei feita un espantallo. Daquela deume medo, porén. E sabe o que fixen, señora? Escapei. Dei voltas, fun de dun lado para o outro. Non sei onde chegaría. Mi madriña, que pinta debía de ter, coa man envolta no mandil e o cabelo de punta. A xente debía de escachar coa risa cando me vía...

... Non, señora, o avó nunca me perdoou. Xa non aturaba mirarme. Non podía come-la cea, mesmo, se estaba presente. Así que a miña tía me levou. Estaba tolleita e adicábase a tapizar. Era pequerrecha! Tiña que agatuñar polos sofás para corta-la parte traseira. E cando estaba a traballar con ela foi que coñecín a dona...

... Non moito, señora, acababa de cumpri-los trece anos. E non lembro terme sentido... unha cativa, como di o outro. Estaba o uniforme entre outras cousas. A señora púxome colar e puños dende o primeiro. Quixen, unha vez! Foi... curioso. Aconteceu que viñeran dúas sobriñas da dona (daquela vivíamos en Sheldon) e había unha feira na praza.

"Atende, Ellen," dixérame, "quero que léve-las señoritas a montar nos burricos". Aló fomos, tan farruquiñas elas, unha de cada man. Pero cando chegamos non se atreveron a subir. Así que ficamos a ollar. Que burricos máis bonitos! Os primeiros que non vía xunguidos ó carro, senón para xogar, vaia. Eran dunha cor prateada preciosa, tiñan pequenas selas vermellas e campaíñas a tinguilear nas orellas. E rapazas ben grandes, mesmo máis vellas ca min, montábanos, tan algareiras. Badocas non, non quería dicir iso, señora, só se divertían. E non sei por que foi, se polo andar deses peíños; os ollos, tan agarimosos; ou as orellas suaves, pero dei en tolear por subir nun burrico!

... Non podía, claro. Tiña que coida-las señoritas. Quen me vería empoleirada nun vestida co uniforme! Con todo, pasei o día enteiro pensando nos burricos, dálle que dálle. Sentía que ía estoupar se non llo contaba a alguén, mais a quen? Cando me deitei (durmía no cuarto da señora James, que era a cociñeira daquela), ó apaga-las luces, outra vez a teimar nos burricos, que trotaban e tintinaban, cos pezuños xeitosos e os ollos tristes... Pois, que lle parece, señora? Agardei un bo anaco finxindo que durmía e logo sentei de súpeto e voceei ben alto, "*Quero ir nos burricos! Quero montar!*" Necesitaba dicilo, sabe?, e pensei que non se ririan de min se o dicía en soños. Que argallada, non si? Cousas de pícaros...

... Non, señora, xa non. Claro que o pensei unha vez. Pero non puido ser. Tiña unha florería feitiña, enfronte de onde vivíamos, rúa abaixo. Gracioso, non é? Co que me gustan as flores. Tíñamos moitas visitas entón e pasaba máis tempo na tenda que fóra, coma quen di. E Harry (chamábase Harry) e máis eu demos en discuti-lo mellor xeito de arranxa-las cousas... e así comezou. Que flores!, non crería a flores que me adoitaba traer! Non tiña reparo. Campaíñas de maio máis dunha vez, non esaxero! Cate que si, íamos casar e vivir enriba da tenda, e logo?, e eu tería conta do arranxo do

escaparate.... Oh, como arrombei ese escaparate os sábados! Non de verdade, en soños, como di o outro. Arranxeino para o Nadal —coa lenda feita con acivro, e todo— e púxenlle ás azucenas unha preciosa estrela de amarelles no medio, e pendurei... mais, xa abonda. Chegou o día en que ía vir buscarme para escolle-los mobles. Nunca o hei esquecer. Era martes. A dona non estaba ben aquela tarde. Non dicía nada, por suposto, nunca o fai nin o fará. Pero eu decateime polo xeito en que se amantaba e preguntaba se ía frío; e o seu nariz semellaba... engurrado. Non me gustaba deixala; sabía que estaría preocupada todo o tempo. Por fin, pregunteille se prefería que cancelase a cita. “Ai non, Ellen” respondeu, “non te molestes por min. Non debes defrauda-lo teu mozo”. E tan leda, sabe, señora?, endexamais pensa en si mesma. Fíxome sentir aínda peor. Dei en matinar... entón caeulle o pano e inclinouse a recollelo —unha cousa que xamais facía. “Que fai!”, berrei, correndo para detela. “Teño que comezar a practicar”, respondeu sorrindo, sabe? Oh, moito me custou non chorar. Achegueime ó toucador e finxín limpa-la prata, e non me puiden resistir e pregunteille se prefería... que non casase. “Non, Ellen”, contestou —con esta voz, como a poño eu. “Non, Ellen, de ningunha maneira!”. Pero mentres o dicía eu abesullaba no seu espello; xaora, ela non sabía que a ollaba. Puxo a manciña no peito como adoitaba a súa bendita nai, e virou os ollos ó ceo. Ai, señora!

Cando chegou Harry xa tiña preparadas as súas cartas e o anel e o broche marabilloso que me dera: un paxaro de prata, cunha cadea no peteiro, e pendurado da cadea un corazón cunha daga. Era bárbaro! Abrín a porta. Non lle din tempo de dicir ren. “Toma” díxenlle, “devólvochos”, díxenlle, “acabouse. Non vou casar contigo”, díxenlle, “non podo deixa-la dona”. Como esbrancuxou! Púxose tan branco coma unha muller. Tiven que pecha-la porta de socate, e quedei aí, a tremer, ata que estiven certa de que marchara. Cando abrín —aínda que non o creo, señora—, xa non estaba! Corrín á rúa, así como estaba, co cinguidoiro e as chinelas, e planteime no medio... catando. Moito deberon de rir os que me viron...

... Mi madriña! Que é iso? Está a soa-lo reloxo! E eu a mante-la esperta. Ai, señora, por que non me detivo? Métolle os pés? Sempre lle arroupo os pés á dona, tódalas noites, así. E ela di, “Boa noite, Ellen. Durme ben e acorda cedo!”. Non sei que sería de min se non mo dixese máis.

... Ai, Deus, ás veces penso... que faría se algo lle..., pero, ó demo por ruín, pensar non lle fai ben a ninguén, non si, señora? Élle arar no mar. Non llo fago a miúdo, e se algunha vez ando espilida de máis, “Vaites, Ellen, ti dálle que dálle, paduana! Non terás cousas mellores que facer!...